

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NO CENTRO SOCIOSANITARIO RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021

REUNIDOS

DUNHA PARTE: don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen respectivamente as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde; de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: dona Josefa Isabel Fernández Miguélez, en representación de SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. con CIF A79059085 e domicilio en calle Aribau, nº 185-187, Entresuelo, 08021-Barcelona en calidade de representante da dita entidade, segundo consta na escritura notarial nº 335, de 12 de febreiro de 2021, outorgada perante a dona María Dolores Giménez Arbona, Notaria do Ilustre Colexio de Barcelona.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,

MANIFESTAN.

PRIMEIRO: Que a Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde é responsable da xestión das prestacións farmacéuticas e a atención farmacéutica aos seus usuarios, de conformidade co disposto no artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e no artigo 2 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

SEGUNDO: Que a entidade SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. conforme ao disposto no artigo 4 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia,



é unha entidade prestadora de servizos sociais, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número de rexistro E-6026 e responsable da xestión do centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE que conta con máis de 100 camas en réxime de asistidos.

TERCEIRO: Segundo o artigo 57 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, será obrigatorio o establecemento dun servizo de farmacia propio nos centros sociosanitarios con 100 ou máis camas en réxime de asistidos/as.

Non obstante o anterior, este precepto posibilita que a consellería competente en materia de prestación farmacéutica estableza acordos ou convenios con estes centros, eximíndolles da dita esixencia, sempre e cando dispoñan dun depósito de medicamentos e produtos sanitarios vinculado ao servizo de farmacia do hospital de rede pública que sexa o de referencia na área sanitaria correspondente.

CUARTO: Desde o ano 1998, a través de convenios de colaboración subscritos entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as entidades responsables da xestión dos centros sociosanitarios, desenvolveuse o Programa de atención farmacéutica co fin de garantir unha mellora na xestión da prestación farmacéutica, tanto desde o punto de vista da seguridade no manexo dos produtos farmacéuticos, como no da racionalización do seu gasto.

Así, moitos dos centros sociosanitarios e os hospitais de referencia da área sanitaria na que se atopan veñen colaborando co fin de garantir a cobertura das necesidades farmacoterapéuticas das persoas residentes neses centros, de xeito que o hospital de referencia convértese en provedor dos medicamentos e produtos sanitarios financiados que precisen as ditas persoas.

Nos centros nos que aínda non está implantado o Programa de atención farmacéutica, as persoas usuarias obteñen os recursos terapéuticos que forman parte da prestación farmacéutica a través da súa prescrición e receita médica oficial e posterior dispensación na oficina de farmacia, sendo financiados polo Servizo Galego de Saúde.

QUINTO: As principais características do Programa de atención farmacéutica son polo tanto a cobertura farmacoterapéutica por parte do Servizo Galego de Saúde e a subministración dos produtos farmacéuticos polo hospital de referencia, de xeito que a terapéutica do centro se adecúa á Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde, o que propicia unha farmacoterapia integrada, coordinada e con igual custo e calidade que a do hospital.

En consecuencia, o sistema de prestación de atención farmacéutica desde o hospital de referencia ás persoas usuarias dos centros sociosanitarios supón tanto un beneficio



asistencial para os/as pacientes, posto que o seguimento da súa farmacoterapia realízase de forma individualizada baixo a responsabilidade dun farmacéutico dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, como unha garantía para acadar unha xestión máis eficiente, segura e de calidade dos recursos farmacoterapéuticos.

SEXTO: Ámbalas dúas partes recoñecen a necesidade de asegurar que a calidade da prestación farmacéutica que reciban as persoas usuarias do sistema que residan no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, sexa equiparable á que recibe calquera outra persoa usuaria do Sistema Sanitario Público Galego, mediante o establecemento de mecanismos que faciliten o acceso a aquelas prestacións, consonte ao establecido no Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, e proporcionen unha mellora da calidade da atención prestada aos usuarios, acadando a súa atención integral e unha utilización eficiente dos recursos. Sen prexuízo das obrigas legais establecidas, as partes asinantes, consideran de interese establecer mecanismos e canles de colaboración que o posibiliten.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto que a prestación farmacéutica as persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, xestionado por SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A., se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

SEGUNDA.- Obxectivos específicos

Para os efectos do determinado anteriormente, as partes axustarán a súa actividade á consecución dos obxectivos seguintes:

- Garantir unha prescrición médica acorde aos criterios da Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde.
- Proporcionar unha adecuada cobertura, conservación e custodia dos medicamentos e produtos sanitarios.
- Realizar unha dispensación responsable e eficiente dos ditos produtos.



- Proporcionar información pertinente sobre a súa utilización e outras accións convenientes que fagan que a atención farmacoterapéutica sexa máis segura e racional, tanto desde o punto de vista asistencial como da saúde pública.
- Facilitar o labor asistencial sanitario prestado ás persoas residentes do centro, na prescrición de medicamentos e produtos sanitarios.

TERCEIRA.- Contido da prestación farmacoterapéutica

1.- Para os efectos do presente convenio, e de conformidade coa Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde e coas directrices da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica e da Comisión de Farmacia e Terapéutica do centro hospitalario de referencia, a prestación farmacoterapéutica comprenderá:

- a. Os medicamentos determinados no Anexo I deste convenio recollidos na Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde.
- b. Os produtos dietoterápicos destinados á nutrición enteral para usos médicos especiais incluídos na Oferta de produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde, así como os equipos destinados á administración desta.
- c. Os produtos sanitarios dispensables a través de receita oficial determinados no Anexo II deste convenio.
- d. Os dispositivos de administración de osíxeno, cánulas nasais e máscaras faciais.

2.- Quedan excluídos o subministro dos gases medicinais e calquera outro produto non recollido nos anteditos anexos, tales como termómetros, guantes, material de aseo e limpeza ou cremas hidratantes.

3.- Queda en todo caso excluído deste convenio calquera outro medicamento, produto ou dispositivo que non se contemple en cada momento na Carteira de servizos comúns de prestación farmacéutica e produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde.

CUARTA.- Modelo

Para os efectos do presente convenio, designarase un/unha farmacéutico/a dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, que actuará como responsable do seu seguimento no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE. Este/a profesional encargarse de asegurar a provisión de medicamentos e produtos incluídos na prestación farmacéutica e prestación con produtos dietéticos, segundo os criterios do presente convenio e do seguimento farmacoterapéutico das persoas usuarias residentes no centro sociosanitario



RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE a través do Servizo de Farmacia do hospital de referencia do Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, a entidade SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. designará entre o persoal do centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, unha persoa responsable do seguimento do convenio, a quen corresponderá a adopción das medidas necesarias para o correcto desenvolvemento dos acordos de prestación farmacoterapéutica recollidos neste, e a participación nas reunións e sesións de traballo ás que sexa convocada para tratar dos seus aspectos funcionais.

QUINTA.- Obrigas de SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A.

A entidade SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. en consonancia co disposto no artigo 60 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, comprométese ao seguinte:

1. Designar a unha persoa responsable operativa da xestión do convenio.
2. Dispor no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE de espazo físico suficiente, coas medidas precisas para garantir a correcta almacenaxe, dispoñibilidade, accesibilidade, custodia e conservación dos medicamentos e produtos sanitarios incluídos no presente convenio de prestación farmacoterapéutica, e no que existirá o equipamento necesario para a conservación de medicamentos termolábiles, armarios ou caixas de seguridade para a custodia de medicamentos estupefacientes e psicotropos, segundo a normativa de aplicación e, en particular, de acordo coas funcións atribuídas a tales depósitos polo artigo 60 da Lei 3/2019, do 2 de xullo.
3. Adoptar as medidas necesarias para garantir a confidencialidade e privacidade do historial farmacoterapéutico das persoas residentes.
4. Dotar ao devandito centro do material e equipamento necesario para levar a cabo a dispensación individualizada por usuario residente, de xeito que se acade un seguimento integrado da terapéutica do/a paciente.
5. Utilizar axeitadamente os medicamentos e os produtos sanitarios subministrados polo Servizo Galego de Saúde, así como cumprir as súas instrucións de utilización e control.
6. Dispor de persoal técnico e/ou auxiliar idóneos para o desenvolvemento da prestación farmacéutica.
7. Contar con medios para o transporte de medicamentos e produtos sanitarios desde as unidades subministradoras. O transporte realizarase coa periodicidade que se estime oportuna.



8. Informar puntualmente ao Servizo Galego de Saúde respecto das persoas usuarias residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, que sexan destinatarias da prestación farmacéutica á que se refire este convenio.

SEXTA.- Obrigas da Administración

O Servizo Galego de Saúde comprométese a:

1. Realizar a planificación e organización da prestación farmacéutica ás persoas usuarias residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE xestionado por SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A.
2. Proporcionar o soporte informático adecuado para levar a cabo a xestión do desenvolvemento da antedita prestación farmacéutica.
3. Subministrar, a través da supervisión do/a farmacéutico/a do Servizo Galego de Saúde responsable do seguimento:
 - a) Os medicamentos e produtos sanitarios incluídos no presente convenio, previa prescrición do/a facultativo/a do centro ou do propio Servizo Galego de Saúde.
 - b) Os produtos dietéticos destinados a nutrición enteral e equipos de administración que precisen as persoas usuarias residentes no centro, que deberán axeitarse aos incluídos nas guías farmacoterapéuticas e de acordo co procedemento legalmente establecido.
 - c) Os produtos sanitarios incluídos na prestación farmacéutica que precisen as persoas usuarias residentes no centro, sempre de conformidade coas Instrucións vixentes no Servizo Galego de Saúde e co catálogo de produtos da unidade subministradora.

SÉTIMA.- Atención farmacéutica

O/a farmacéutico/a designado/a polo Servizo Galego de Saúde en colaboración co Servizo de Farmacia de Hospital realizará as seguintes funcións:

- a. Establecer a relación cualitativa e cuantitativa dos medicamentos e produtos sanitarios para a cobertura das necesidades farmacoterapéuticas as persoas usuarias residentes no centro nos termos previstos no presente convenio.
- b. Establecer as normas de acceso aos medicamentos e produtos sanitarios polo persoal previamente autorizado.
- c. Establecer un sistema de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios que favoreza a atención farmacéutica individualizada por persoa usuaria residente, e permita o seguimento da historia farmacoterapéutica de cada unha delas.



- d. Garantir a correcta conservación, dispoñibilidade e reposición dos medicamentos e produtos sanitarios no centro, así como o seguimento dun uso adecuado e eficiente destes.
- e. Colaborar no establecemento dun sistema de seguimento e control da utilización individualizada dos medicamentos e produtos sanitarios co fin de detectar os seus posibles efectos adversos e notificalos ao sistema de farmacovixilancia.

OITAVA.- Comisión de seguimento

1. Para o seguimento, control, e solución das dúbidas que se poidan derivar do presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento, que se reunirá a petición de calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- Unha persoa representante do Servizo Galego de Saúde, que ostentará a presidencia.
- Unha persoa técnica da Subdirección Xeral de Farmacia do Servizo Galego de Saúde, que asumirá a secretaría.
- Unha persoa representante da entidade SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A.
- A persoa representante operativo do convenio na entidade

En caso de empate, a persoa que ostente a presidencia da comisión terá o voto dirimente.

2. Co fin de xestionar directamente o desenvolvemento do convenio no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, se constituirá un grupo de seguimento, formado por:

- Unha persoa representante da Área Sanitaria da Coruña e Cee
- O/a profesional farmacéutico/a responsable do Servizo de Farmacia do hospital de referencia ou o farmacéutico responsable da atención farmacéutica no centro, ao que fai mención a cláusula cuarta.
- Unha persoa representante da entidade xestora do centro.
- A persoa representante operativo do convenio no centro á que fai mención a cláusula cuarta.

NOVENA.- Persoal

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual ou de servizo entre o Servizo Galego de Saúde e as persoas traballadoras ou profesionais da RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE que desenvolvan actividades que constitúan o seu obxecto.



DÉCIMA.- Financiamento

A formalización do presente convenio non supón incremento de gasto para o Servizo Galego de Saúde.

UNDÉCIMA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total o parcial das súas cláusulas, ou a alteración substancial do seu contido.
- O mutuo acordo das partes.
- A denuncia expresa de calquera das partes formulada con dous meses de antelación.

En razón do interese público, a Consellería de Sanidade poderá suspender a execución do presente convenio.

DUODÉCIMA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo. As dúbidas e controversias que xurdan con motivo da interpretación e aplicación do presente Convenio e que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento, resolveranse ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.


DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia de 4 anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos de carácter persoal

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.



As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a súa vixencia.

DÉCIMO QUINTA.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en duplicado exemplar no lugar e data anteriormente indicado.

Pola consellería de Sanidade e o
Servizo Galego de Saúde



Julio García Comesaña

Pola entidade SAR RESIDENCIAL Y
ASISTENCIAL S.A.



Josefa Isabel Fernández Miguélez

ANEXO I

MEDICAMENTOS INCLUÍDOS NA PRESTACIÓN

Os medicamentos incluídos na prestación serán os medicamentos financiados polo Sistema Nacional de Saúde recollidos na Guía farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde.

No caso de prescricións para as que non existe equivalente dispoñible na guía farmacoterapéutica, a solicitude do medicamento tramitarase ao Servizo de farmacia do hospital de referencia aportando o facultativo médico responsable unha xustificación da necesidade de utilización.



ANEXO II

PRODUTOS SANITARIOS INCLUÍDOS NO CONVENIO:

- Absorbentes de incontinencia urinaria
- Sondas vesicais
- Sonda nasogástrica
- Sonda rectal
- Bolsas de ouriños
- Bolsas de colostomía
- Tiras de glucemia
- Gasas estériles individuais
- Apósitos (os apósitos de cura húmida subministraranse conforme ás instrucións establecidas ao respecto no Servizo Galego de Saúde)
- Vendaxes de protección
- Venda elástica
- Venda elástica adhesiva
- Algodón
- Esparadrapo hipoalerxénico e de tela
- Cámara de inhalación adultos



